

# O CONSELLO ESCOLAR

## Renovación parcial 24

**É IMPORTANTE QUE TI PARTICIPES NO CONSELLO ESCOLAR?**

**SI**

O Consello Escolár é o órgano colexiado que garante que se escoiten todas as voces da comunidade educativa na escola. É unha importante canle de participación en moitos aspectos da vida escolar aos que ti non podes ser alleo/a.


**PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS:**

**DO 30 DE OUTUBRO AO 11 DE NOVEMBRO  
(NA SECRETARÍA DO CENTRO)**

**RENOVACIÓN PARCIAL:  
2 MESTRAS/ES  
2 PAIS/ NAIS/ TITORES LEGAIS**

**cEIP Wenceslao Fernández Flórez**





**O Consello Escolár é o órgano colexiado que garante que se escoiten todas as voces da comunidade educativa na escola. É unha importante canle de participación en moitos aspectos da vida escolar aos que ti non podes ser alleo/a.**



No noso centro está constituído por:

- A directora, que é a Presidenta.
- A xefa de Estudos.
- Cinco representantes do Claustro de mestras/es.
- Cinco representantes dos pais/nais/titores legais (un deles proposto pola ANPA).
- Un representante do persoal de administración e servizos.
- Un representante do Concello.
- A Secretaría do centro, que actúa como secretaria do Consello, con voz, pero sen voto.

### **QUEN PODE VOTAR?**

**En cada sector as persoas que figuren nos censos publicados. No caso do sector pais/nais/titores legais poden votar ambos os dous.**

### **COMO SE TRABALLA?**

**Reúnese no colexio, previa convocatoria, para tratar os temas que se anuncian na mesma.**

**As reunións establecidas son unha por trimestre e ademais todas aquelas que se precisen ao longo do curso.**


**No seo do Consello constitúense comisións de traballo.**






## CALES SON AS SÚAS COMPETENCIAS?

- Avaliar os proxectos e as normas de organización e funcionamento do centro.
- Avaliar a PXA (Programación Xeral Anual) do centro sen prexuízo das competencias do claustro do profesorado.
- Participar na selección da directora ou director do centro nos termos que establece a LOMLOE.
- Informar sobre a admisión do alumnado no centro.
- Decidir sobre a admisión no comedor escolar.
- Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e velar porque se atean á normativa vixente.



- 
- Propoñer medidas que favorezan a convivencia no centro.
  - Promover a conservación e renovación das instalacións e equipamentos do centro.
  - Informar as directrices para a colaboración, con fins educativos e culturais, coa Administración local, con outros centros, entidades e organismos.
  - Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados das avaliacións internas e externas nas que participe o centro.
  - Elaborar propostas e informes, a iniciativa propia ou a petición da Administración competente, sobre o funcionamento do centro e a mellora da calidade da xestión, así como sobre aqueles outros aspectos relacionados coa calidade da mesma.

